

«Il n'est plus possible de raconter les choses au premier degré, il faut trouver d'autres formules» in Ecran 73, n°18, septembre-octobre 1974. Disponíbel en <http://www.alaintanner.ch/index.php/1973-le-retour-dafrique-g-dossier-medias-par-a-tanner>

O *regreso de África* é un filme ao tempo máis e menos autobiográfico que os dous meus anteriores. *Charles vivo ou morto* non o é en absoluto, de maneira moi deliberada, porque non quería, ao facer o meu primeiro filme con trinta e oito anos, "contar a miña mocidade"; mentres que o segundo éo, pero dun xeito trasposto: para nada no plano do relato, pero si a través dos dous homes, Pierre e Paul, que encarnan os meus problemas de xornalista na televisión, atrapado entre a obxectividade imposible e a forza da imaxinación. O *regreso de África*, pola contra, é antes que nada autobiográfico ao nivel do relato, pero cun desprazamento no tempo, con vinte anos de retraso. Por dicilo así, a primeira parte do filme, a parella encerrada no cuarto e agardando para partir, son eu hai vinte anos, aínda que con diferenzas notábeis posto que, por exemplo, eu non estaba casado como Vincent no filme. E a segunda parte, que describe a instalación na vida cotiá nove meses despois, son de feito eu hoxe en día. É dicir, eses nove meses de duración cinematográfica correspóndense con vinte anos da miña propia evolución vital. Resulta tamén que este filme é un desafío despois do éxito inesperado de *A píntega*: rexeitei todas as ofertas de producións importantes, as adaptacións de novelas que me presentaban, por exemplo, para seguir a miña experiencia de produtor-distribuidor (que rematou por outra banda con este filme) e facer aínda un pequeno filme descañado en 16mm, en branco e negro, que non implicaba ningún dos problemas de orzamento e de métodos de

traballo que me tería formulado unha coprodución, e que me terían impedido realizar un certo número de experiencias ás cales tiña chegado, especialmente ao nivel da linguaxe. Os dous filmes anteriores foran feitos dun xeito moi espontáneo a ese nivel: a técnica era sacrificada deliberadamente en beneficio do desenvolvemento da historia, das personaxes, do traballo cos actores, e tanto *Charles* como *A píntega* beneficiáronse sen dúbida desa ausencia de preocupacións técnicas que lle deron ese aquel directo, vivido, que seduciu aos espectadores. E teño que dicir que ese éxito de *A píntega* me puxo medo, levoume a cuestionarme se isto era sempre debido a boas razóns, a facerme a pregunta 'Que é o que non funciona?', e deume ganas de ter en conta outras cousas. Así, o guión do "regreso de África" foi concibido en relación á expresión cinematográfica dunha maneira máis intensa que os meus outros filmes. Por exemplo, cun problema que eu non tratara até o momento, que é o da significación e as implicacións dun *travelling*, é dicir, máis alá da ferramenta cinematográfica. Pero nisto, o cinema suízo chocou con problemas de desenvolvemento técnico que fixeron que, para os *travellings* do regreso, tivera que chamar a uns especialistas italianos, Aldo Ricci e o seu fillo Claudio, que traballaran habitualmente con Antonioni e Fellini. Viñeron con todo o equipo ao que estaban afeitos e que era asombrosamente manexábel: desmontábase e transformábase á vontade. E como non creo que, malia ao seu dinamismo actual, o cinema suízo teña os medios para formar técnicos nin para usalos regularmente, e menos aínda para crear un ensino cinematográfico, temo que no futuro teremos que continuar a nos desenvolver para e cara ao exterior...

**NON É POSIBLE CONTAR AS COUSAS
LITERALMENTE, É PRECISO ATOPAR
OUTRAS FÓRMULAS**

Alain Tanner

O LONGO CAMIÑO A CASA

Bernard Weiner

Extraído de "Return from Africa The long way home" in *Jump Cut*, no. 4, 1974, p. 3-4. Disponível en <http://www.ejumpcut.org/archive/onlinessays/JC04folder/ReturnFromAfrica.html>

Ao longo da primeira parte do filme, a predilección de Vincent pola política do Terceiro Mundo é tratada a través de distintas maneiras de contala. Emilio, un inmigrante ilegal español que traballa con Vincent, di que xa non ten interese nas cuestións de política internacional. Emilio non está preocupado porque o expulsan da Suíza, pero dío porque sente que a revolución ten que centrarse nos asuntos locais da loita de clases, onde a xente vive realmente, nun sentido físico e psicolóxico. Vincent escoita a Emilio, mais aínda está fascinado cos oprimidos de África e con como, cando chegue alí, pode impulsar as forzas revolucionarias. Con todo, o comentario dun amigo na festa de despedida bota máis auga fría na suxeición intelectual de Vincent ás políticas do Terceiro Mundo. Mesmo aínda que vaias a África con pouco diñeiro e teñas que atopar un traballo para sobrevivir –dille o seu amigo–, sempre serás visto dalgunha maneira como un representante dos explotadores. Serás un branco nunha sociedade escura: unha condición que representa riqueza e poder. Mesmo cando non queiras pensar en ti mesmo neses termos –dille o amigo a Vincent– iso é lei de vida. Tempo despois, os principios de Vincent cambalean de novo cando Emilio lle di como é ser estranxeiro nunha terra estraña: nunca completamente aceptado como un membro da sociedade autóctona, nunca totalmente libre do sentimento de morriña. (Emilio será máis tarde deportado da Suíza e mandado de volta a España. É acompañado á estación de tren por un policía suízo, o mesmo tipo que vemos ocupando a praza de aparcamento, que Vincent e Françoise entenden como súa, diante do seu piso).

Todas estas observacións e comentarios preparáranos para o irreversible do "regreso de África" de Vincent e Françoise. Tanner non ten que mostrarnos como chegan á decisión de non partir a Alxer. Entendemos por que, e simplemente nos movemos á súa vida nove meses despois, para caer no medio dunha urbanización da periferia preto do aeroporto, na súa vida no cerne (como antes) da sociedade suíza, moderna e industrial, puntuada polo incesante e impresionante ruído dos avións que pasan a toda velocidade sobre as súas cabezas. (Chegado un punto, Françoise non aguanta

máis. No medio dunha destas cacofonías de voo raso, simplemente brama pola dor existencial. É un momento poderoso).

Sentímonos tristes e decepcionados pola súa situación. Pero as cousas cambiaron para Françoise e Vincent. Foron nove meses significativos. Vincent, que agora traballa nunha gardaría, volveuse máis amargo. Françoise cambiou máis: de novo está fóra da casa, lonxe do mundo elegante da galería de arte, e traballa para os Correos. Na oficina, as súas colegas son verdadeiras mulleres proletarias, e pasan moito do tempo discutindo, á súa maneira, as políticas do patriarcado e a opresión de clase. Françoise non só chega a apreciar os seus argumentos, senón tamén a apreciálas a elas como persoas, a este tipo común de operarias co que tivera moi pouco contacto no pasado. (Podemos recoñecer a Anne Wiazemsky como unha das súas colegas). Un día, Vincent irrompe na moderna e inmaculada coxina (o contraste entre o seu estilo de vida agora e o de nove meses antes é exemplificado nos planos deste aburrido novo apartamento, mentres lembramos o seu *loft*, bohemio e á moda) cunha carta do propietario da urbanización. Mentres Vincent le a misiva (que lles di que poden adquirir o apartamento, probablemente cunha hipoteca a 20 ou 30 anos, e que se non queren mercalo, serán expulsados en 30 días), algo berra no noso interior. A longa hipoteca podería acabar co seu triste estado, virándoos nunha burguesía media, fortemente hipotecada, pero selando ao tempo o seu destino e as súas posibilidades de seren libres. Pero Vincent e Françoise rexeitan a idea de posuír a propiedade e, indignados pola medida insultante e explotadora do propietario da urbanización, deciden organizar os inquilinos. Vemos a Françoise e Vincent reuníndose con outra parella nova, discutindo as posibilidades dunha folga de alugueiros, unha ocupación, a acción legal... E aparentemente os seus esforzos organizativos resultan produtivos. O comentario de Emilio ao comezo de filme (sobre organizarse para conseguir obxectivos revolucionarios no nivel local, arredor dos verdadeiros problemas de clase) volve a nós mentres entendemos o significado do título do filme. Un pode ler *O regreso de África* como un resumo descritivo ou como unha petición. Porque o que Tanner parece dicirle ao seu público novo, branco, burgués e bastante á última é isto: Aínda que un pode aprender e contribuír á Revolución mergullándose na política do Terceiro Mundo, a verdadeira loita está onde estás e no que es. Iniciaa onde poidas ser máis efectivo. A partir de aí, as ondas revolucionarias fundirán con cachóns cada vez máis e máis grandes, até que, algún día, poidan converterse nunha marea, ao unírense coa enerxía e a forza das revoltas do Terceiro Mundo.

**CINECLUBE
DE
COMPOSTELA**

**DEC
2015**

ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.blogspot.com [facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela) [@cineclubedecompostela@gmail.com](mailto:cineclubedecompostela@gmail.com)

PROYECCIONS

Todos os mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

2 DE DECEMBRO

África 50

(Afrique 50, René Vautier, Francia, 1950, 19', VOSG)

Volve, África

(Come Back, Africa, Lionel Rogosin, EUA, 1959, 85', VOSG)

16 DE DECEMBRO

O regreso de África

(Le retour d'Afrique, Alain Tanner, Suíza / Francia, 1973, 108', VOSG)

9 DE DECEMBRO

África á beira do Sena

(Afrique sur Seine, Mamadou Sarr / Paulin Vieyra, Francia, 1955, 22', VOSG)

A viaxe da hiena

(Touki bouki, Djibril Diop Mambéty, Senegal, 1973, 85', VOSG)